

SonDeSeu presenta *Entreterras*, un novo directo no que as músicas de raíz de SÉS, Hirahi Afonso e Daniel Pereira transforman o repertorio da orquestra

Vigo e Narón acollerán esta primavera os dous concertos semiacústicos de presentación do proxecto, fiado por un meridiano sonoro que une, sobre o escenario, as propostas das artistas de Galicia, Portugal e Canarias

A primeira cita con *Entreterras* será o 24 de maio no Teatro Afundación de Vigo, mentres que o 2 de xuño o directo terá lugar no Pazo da Cultura de Narón



A orquestra SonDeSeu estará acompañada por Hirahi Afonso, Daniel Pereira e SÉS

Galicia, 24 de abril de 2024.- Un meridiano invisible tece un fío sonoro que a través das músicas de raíz, une xeograficamente a Galicia, Portugal e Canarias. Así nace ***Entreterras***, o novo proxecto de SonDeSeu, no que a Orquestra Folk de Galicia se acompañará de artistas comprometidos coa innovación e o respecto ás músicas tradicionais dos seus territorios. A galega **SÉS**, o portugués **Daniel Pereira** e o canario **Hirari Afonso** compartirán escenario co medio cento de intérpretes de SonDeSeu nesta nova proposta musical, que conta co **apoio da Xunta de Galicia**, e que o público poderá descubrir tanto o 24 de maio no Teatro Afundación de Vigo coma o 2 de xuño no Pazo da Cultura de Narón. As entradas para gozar das melodías e ritmos destas *Entreterras* en Vigo están á venda

desde hoxe, 24 de abril, na plataforma ataquilla.com, mentres que os billetes para Narón estarán dispoñibles proximamente en padroadodecultura.es.

O espectáculo, que dá continuidade a *Arraianos* (2018) na aposta pola visualización e reivindicación das músicas ibéricas, preséntase cun rechamante cartel, coroado pola imaxe dun volcán en erupción, un fenómeno que transforma o territorio ao seu paso. Este volcán representa, segundo Anxo Pintos, presidente da Fundación SonDeSeu, “a creación e destrución da paisaxe, ao igual que as músicas de SÉS, Hirahi Afonso e Daniel Pereira transforman, dun xeito vibrante e ateigado de luz, o repertorio da nosa orquestra”.

Nesta ocasión, SonDeSeu propón ao público unha viaxe sonora a través de dous concertos semiacústicos, con arranxos e adaptacións que nacen das **creacións de artistas de referencia nos seus territorios**. “Escollimos figuras que destacan polo seu compromiso coa cultura de cadanseu lugar e mais pola súa innovación e o seu respecto á tradición tanto á hora de compoñer e producir como de interpretar”, sinala o presidente de SonDeSeu.

Así, desde a voz da cantareira e pandeireteira **María Xosé Silvar, SÉS**, creadora de himnos que transitan entre a tradición oral e o rock and roll, *Entreterras* percorre a música da creadora coruñesa para dar paso á discografía doutro grande activista cultural, neste caso do norte de Portugal, como é o cantante e tocador de corda pulsada **Daniel Pereira Cristo**. Coñecido pola súa destreza co cavaquinho, a súa arte entronca con outro instrumento irmán, dunha costa que –ao igual ca Cabo Verde, Azores ou Madeira– tamén baña o Atlántico: o timple, que nesta ocasión toca o canario **Hirahi Afonso** quen, con dous discos ás costas, “representa a esa nova xeración de intérpretes excepcionais, cunha narrativa creativa a cabalo entre a tradición e a contemporaneidade”, apunta Pintos.

A posta en relación das músicas e relatos de SÉS, Pereira e Afonso neste *Entreterras* non é casual. “Seguimos a tecer unha historia que tamén se pode narrar a través das cordas deses instrumentos que viaxaron polo Atlántico levando as tradicións peninsulares e insulares polo mundo adiante”, expón Pinto. Precisamente o director de SonDeSeu salienta o verso *Lo puro es la mezcla. La mezcla es lo puro*, do último traballo discográfico de Hirahi Afonso, para poñer en valor a confluencia que se dá neste proxecto. Ao cabo, tal e como expón Pintos, “*Entreterras* é unha mostra máis da mestura e da evolución que están a vivir as músicas de raíz. Tamén a galega”.

BIOGRAFÍA SONDESEU

A Orquestra Folk de Galicia SonDeSeu nace hai vinte anos no seo do extinto Conservatorio de Música Tradicional da Universidade Popular de Vigo, a actual ETRAD. A agrupación explora a fusión e mestura das músicas patrimoniais con elementos contemporáneos. A posta en valor da música de raíz ao longo destas dúas décadas materializouse en numerosos proxectos de investigación no ámbito da música folk, traballos discográficos ou eventos singulares, alén da participación en múltiples festivais e auditorios europeos.

Neste 2024, medio cento de músicos conforman o corazón dunha orquestra única en Galicia que, baixo a dirección de Xaquín Xesteira, conta con nove seccións instrumentais: arpa céltica, buzuqui, canto, contrabaixo gaita, percusión, requintas, violín e zanfona. Para máis información sobre SonDeSeu, pódese visitar <https://sondeseu.org/>

BIOGRAFÍA SÉS

SÉS é unha cantautora de longa traxectoria que constitúe toda unha icona no panorama actual galego. A súa prolífera obra segue a ter plena presenza despois de 13 anos de actividade e 8 discos grazas á súa excepcional capacidade artística e ao seu carisma e forza no escenario. A estética ecléctica que a caracteriza, que combina influencias tradicionais propias cos múltiples estilos dos que se foi nutrindo (canción de autora, folclor latinoamericano, rock & roll...) supeditase á expresividade literaria das cancións.

BIOGRAFÍA DANIEL PEREIRA CRISTO

Daniel Pereira Cristo é un músico e cantautor portugués recoñecido pola súa implicación coa palabra, a música e os instrumentos cordófonos tradicionais (cavaquinho, viola braguesa, etc.). O seu álbum debut, *Cavaquinho cantado* (2018), foi distinguido co prestigioso galardón Premio Carlos Paredes. A súa música reflicte a súa paixón pola cultura portuguesa e pretende promover a diversidade cultural e a pluralidade tanto no seu país coma no mundo.

BIOGRAFÍA HIRAHÍ AFONSO

Hirahi Afonso é un dos músicos máis brillantes das novas xeracións de intérpretes. Non é só un timplista: é o artífice dunha revolución na música tradicional canaria grazas ás súas creacións. O seu segundo disco *Lo puro* (2023), no que colaboran figuras como Pedro Guerra, Xabier Díaz ou Valeria Castro, conecta a tradición cosas sonoridades máis innovadoras. Ofrece unha experiencia sonora na que o timple é o condutor dunha viaxe que transita entre estilos tan diferentes como a electrónica, o flamenco ou o rap.

CONCERTOS *ENTRETERRAS*

24 de maio | 21.00 horas

Teatro Afundación (Vigo)

Entradas:

<https://entradas.ataquilla.com/ventaentradas/es/otras-musicas/teatro-afundacion-vigo/17438--sondeseu-entreterras.html>

2 de xuño | 19.00 horas

Pazo da Cultura (Narón)

Entradas proximamente á venda en padroadodecultura.es

Contacto de prensa SonDeSeu

The Office Comunicación | prensa@theofficeco.es

Lucía Pita (675 404 321) e Bea Pérez (604 070 409)

Descarga o [kit de prensa](#) de *Entreterras*